*Venres 17 de abril de 2020*

*2º PRIMARIA*

*CIENCIAS NATURAIS*

Bos días! Mirade que rápido, xa estamos a venres e xa pasou outra semaniña. Espero que esteades moi moi ben tod@s!! Hoxe imos facer unhas poucas tarefas que nos axudarán a lembrar os contidos traballados antes das vacacións, imos aló!

**Tarefa 1:** colocade cada parte no seu lugar.

Folla | Raíz | Talo | Flor | Froito



**Tarefa 2**: Completade a seguinte explicación de como nacen as plantas.

planta | froitos | xerminan | flores | sementes

A maioría das plantas producen ______ que se transforman en ______ con sementes. Cando as ______ caen na terra e teñen humidade e calor, ______ e forman unha nova ______.

**Tarefa 3**: Coloreade que produtos obtemos das plantas.

| | | | |
|---|---|---|---|
| liño | froitas | plástico | madeira |
| papel | metal | cristal | cánabo |

**Tarefa 4**: relacionade cada parte da planta coa súa función.

| | |
|---|---|
| Talo | Toman o osíxeno do aire. |
| Follas | Sostén a planta. |
| Raíz | Serven de alimento. |
| Froitos | Toman a auga e os sales minerais. |

**Tarefa 5**: Lede o texto e contestade as preguntas.

Loli está observando as plantas do seu xardín. Fixouse nunha cun gran talo. Como é o final da primavera, as súas ramas novas énchense de follas.

É unha árbore ou unha herba?

____________________

É de folla caduca ou de folla perenne?

____________________

Que parte da planta non é visible?

____________________

**Tarefa 6**: Buscade na sopa de letras os nomes de oito plantas.

| |
|---|
| FENTO |
| LARANXEIRA |
| ROSEIRA |
| PIÑEIRO |
| ABETO |
| AMENDOEIRA |
| VIOLETA |
| XARA |

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| K | K | V | T | F | R | V | A | L | E | U | T |
| P | D | N | F | Y | O | I | M | A | D | T | O |
| J | Y | T | O | D | S | O | E | R | W | H | J |
| L | V | I | A | Ñ | E | L | N | A | Z | Q | R |
| H | D | G | L | L | I | E | D | N | S | R | X |
| F | E | N | T | O | R | T | O | X | K | O | H |
| A | B | E | T | O | A | A | E | E | S | N | I |
| P | I | Ñ | E | I | R | O | I | I | C | H | U |
| X | A | R | A | F | F | W | R | R | X | Q | M |
| Ñ | E | K | G | K | Ñ | S | A | A | S | R | Z |
| P | L | T | J | D | K | Q | T | L | D | I | C |
| I | L | U | N | F | J | V | F | U | P | F | P |

Moito ánimo!! =)

*PLÁSTICA*

# PLÁSTICA

Aproveitando que estamos na casiña, vouvos facer unhas propostas de actividades plásticas con cousiñas que podemos atopar pola casa. Podedes escoller unha delas, ou se vos apetece e vos sobra tempo, por suposto, facelas todas ]

A primeira será facer unha pequena manualidade con pinzas da roupa:







A segunda será un tarro de area ou de arroz de cores, con etiqueta incluída para que nos quede como recordo desta época de confinamento.









A segunda será un tarro de area ou de arroz de cores, con etiqueta incluída para que nos quede como recordo desta época de confinamento.

https://www.youtube.com/watch?v=THmfRntkZPw

https://www.youtube.com/watch?v=uGOmkfUrHrw

A terceira, será facer slime caseiro:

https://www.youtube.com/watch?v=WbfYmVDy5GO

E, por última, unha proposta con papel, facer Origami.

https://www.youtube.com/watch?v=68oz7mCVLKY

https://www.youtube.com/watch?v=wVa9yxPFLEQ

Ademais propóñovos un reto artístico: Recrear nós mesmos ou con obxectos da vida cotiá ( como boamente poidamos) algún cadro famoso.




